

Concurso de arquitectura para a rehabilitación arquitectónica e paisaxística da Panda da Dá

Respostas a consultas recibidas ata o día 24 de marzo de 2025

Recibida o 24/03/2025 11:40

1. Consulta:

Cales son as afeccións de augas no predio da Panda da Dá?

Resposta:

A información relativa ás afeccións de augas na parcela pode consultarse na páxina 26 do documento Estudio Previo (Anexo II).

Neste caso, a normativa de referencia é o Regulamento de Dominio Público Hidráulico (RDPH), aprobado polo Real Decreto 849/1986, do 11 de abril, onde se recollen os detalles específicos sobre esta cuestión.

Recibidas o 4/02/2025 (visita ao predio)

1. Consulta:

Hai algún criterio gráfico, de escala ou forma que se deba seguir nos documentos que se presenten?

Resposta:

Sempre que se conserve o formato de panel A1 (x2 unidades) no caso da proposta técnica e A4 para a memoria descritiva, non hai restricións na forma, na distribución nin na escala.

2. Consulta:

¿Pódense realizar maquetas?

Resposta:

Poderanse realizar materiais extra, como maquetas, pero estes non serán avaliados como tal, xa que se consideran ferramentas de traballo e de apoio para transmitir as ideas do proxecto.

Enlaces de interese

– Páxina web do concurso:

[Fundación RIA - A Panda da Dá](#)

– Siotuga:

[Inventario Municipal](#)

Onde se atopan as Normas Subsidiarias de Ordenación Municipal do Concello das Pontes

– Instituto Xeográfico Nacional:

[IGN](#)

Onde se poden consultar planos e imaxes aéreas da zona, dende o Voo Americano de 1956 ata a actualidade

– Catastro:

[Finca principal](#)

Onde se atopan o Núcleo Principal da Panda da Dá e as Naves (cada edificación cunha referencia catastral propia)

[Finca secundaria](#)

Onde se atopa o Núcleo das Pereiras (cada edificación cunha referencia catastral propia)